

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

R. Aira González / M. Martínez Baleirón (2002): “As denominacións dos meses do ano: perspectiva lexicográfica”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 359-382.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

# AS DENOMINACIÓNS DOS MESES DO ANO: PERSPECTIVA LEXICOGRÁFICA

*Raquel Aira González e Mónica Martínez Baleirón*

Instituto da Lingua Galega. USC

## 1. INTRODUCCIÓN

### *1.1. Interese e obxectivos desta investigación*

O obxectivo deste traballo é ofrecer unha achega ó estudio das denominacións populares dos meses que van de *xuño* a *decembro* e apuntar algunhas ideas sobre o uso de distintos campos semánticos para nomealos.

Intentaremos superar unha visión descritiva sinalando algunhas liñas de interpretación lingüística e antropolóxica que axuden a explica-la presenza de diferentes grupos motivacionais na conceptualización do ciclo anual. No plano lexicográfico analizáremo-lo tratamento que os dicionarios galegos deron ás distintas solucións denominativas das divisións do ano.

### *1.2. Metodoloxía*

Os datos empregados na nosa investigación refírense fundamentalmente á lingua popular e están tirados da cuestión 553 do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*: “nomes dos meses (proprios e segundo a festividade ou santo máis importante)”<sup>1</sup>. Nos cadernos do *ALGa*, ademais de recollérense unha ou varias solucións léxicas para cada mes, rexístrouse información fraseolóxica e paremiolóxica de moito interese para dar coa motivación das distintas designacións léxicas<sup>2</sup>.

Ademais do *ALGa*, empregamos outras fontes léxicas coa intención de avalía-la representatividade dos datos obtidos no traballo de campo e para recoñecer tamén comportamentos formais e tendencias de uso. Estoutras fontes son o *Glosario de voces galegas de boxe* (García 1985), pola súa contribución ó coñecemento da fala, e, fundamentalmente, o corpus textual do proxecto *Base de datos lexicográfica para a elaboración dun dicionario da lingua galega moderna*, que dirixe o profesor Antón Santamarina no Instituto da Lingua Galega.

1 Os mapas dialectais elaborados sobre esta cuestión publicáranse proximamente como *ALGa* IV.

2 Os refráns recollidos na *Cuest. 554* (“Ditos e refráns dos meses”) adoitan referirse ós labores do campo, á estacionalidade do clima e dos froitos, á duración dos días, etc.

### 1.3. O calendario en galego

Coma acontece noutras linguas occidentais, en galego emprégase para nomea-los meses un sistema denominativo herdado da cultura latina. O estándar do galego actual adoptou o sistema romano —coñecido como calendario xuliano, gregoriano<sup>1</sup> ou pagán— para achega-la norma á das outras linguas románicas.

Sen embargo, a carón deste sistema que todos temos aprendido e interiorizado, na Romania empréganse tamén outras denominacións<sup>2</sup>, coñecidas habitualmente como populares, que están motivadas polos seguintes semas: labores do campo (ou ciclo agrícola), festas anuais (ou ciclo ecolóxico) e efemérides cristiás (ou ciclo relixioso cristián). A falta de recoñecemento e uso das formas que conteñen estes semas levounos a pensar nas causas que deberon dar na súa regresión: (a) son formas marcadas como non-formais en canto ó rexistro; (b) son confusas e anfibolóxicas.

O momento de aparición das solucións motivadas en galego é difícil de determinar. Na documentación medieval só aparecen a efectos de datación as formas achegadas polo calendario xuliano. Sen embargo, si aparece na prosa notarial a expresión do día pola efeméride establecida no misal, co que se apuntaba xa unha tendencia á superación do complexo sistema de calendación romano<sup>3</sup>. Ferro Ruibal advirte tamén esta tendencia:

É sabido que entre o complicado sistema romano de nomealos días (*kalendas / nonas / idus*) e o sistema actual de numeralos, houbo na Idade Media un sistema intermedio consistente en sinalalos polo nome do santo do día (1992: 75).

Así, a carón do sistema culto das *calendas* (con fórmulas do tipo *undécimo día das calendas de novembro*) comezouse a empregar un sistema de cómputo baseado na numeración, isto é, na identificación dos días pola posición absoluta que estes tiñan no mes (fórmula: *catro de setembro*). Así mesmo, para identifica-lo día comezouse a emprega-la súa efeméride (fórmula: *véspera de san Martiño*).

Por extensión semántica pasouse de nomea-lo día en función do santoral a nomea-lo período, época ou mes por medio do nome da festividade que mellor lle servía de referente. O éxito de determinadas figuras do santoral na representación referencial dos meses ten que ver con factores antropolóxi-

1 Anque popularmente se denomine o calendario actual indistintamente como *xuliano* ou *gregoriano*, estas voces non deben entenderse como sinónimas.

2 Para a consulta das distintas solucións no mundo románico recomendamos a consulta do *ALEICan* (1975-1978), que remite en cada mapa á consulta da mesma cuestión noutros atlas lingüísticos.

3 Para comprende-lo sistema de datación que rexía na calendación romana e medieval véxase García Larragueta (1976: 42 e ss. e 60 e ss.).

cos e confesionais: que se trate dun santo milagreiro, que fose mártir, que teña unha tradición devota antiga, que teña tradición romeira, que teña significación simbólica, etc.

Dito queda que as efemérides e as denominacións do santoral comezaron sinalando o día concreto en que se celebraba unha festividade. Hoxe podemos recorrer ó refraneiro para documentar este uso do santoral como elemento eficaz na datación: no refraneiro constátase que o santoral é un recurso productivo na fixación do calendario de actividades agropecuarias<sup>1</sup>.

## 2. MOTIVACIÓNS LÉXICAS NAS DENOMINACIÓNS DOS MESES

### 2.1. *Sobre a conceptualización do tempo: ¿por que xorden as formas populares?*

Xa vimos que o santoral é un recurso de grande importancia na datación popular. Sen embargo, o método polo que no rexistro popular se expresa a datación dos acontecementos deixa ver que a segmentación do ano para os galegos está fortemente vinculada á labranza e á festa.

A propósito da conceptualización do tempo, o antropólogo González Reborado (1989: 8-11) sostén que a estacionalidade e a climatoloxía inciden e determinan o calendario dos traballos (fundamentalmente na sociedade tradicional), e sobre este calendario de actividades establécense unha serie de celebracións culturais fortemente simbolizadas que, en moitos casos, transcenden a cultura tradicional e acaban sendo un referente festivo para toda a sociedade<sup>2</sup>.

### 2.2. *Campos semánticos que motivaron as denominacións populares*

Imos ve-los tres campos semánticos que serven de fonte á periodización do calendario para analizar cómo motivaron a denominación popular dos meses.

#### 2.2.1. Os labores do campo (ciclo agrícola)

Parece lóxico pensar que os labores do campo sexan un factor determinante na conceptualización do tempo se temos en conta o vencello que existe entre estes e a estacionalidade. Por isto, ademais da idea abstracta e conceptual que temos todos do mes, hai unha parte da poboación para a que

1 Véxase como exemplo “polo san Martiño mata o teu porquiño”, “no tempo de san Vicente planta o nabo da semente”, “por san Xoán québralle a primeira raíz ó pan” ou “pola santa Mariña pousa a sacha e colle a fouciña” (fonte: *ALGa*).

2 “Existe unha concepción reiterativa do tempo baseada no ciclo anual que condiciona radicalmente as formas de vida das sociedades agrarias. Pero as distintas comunidades humanas intentaron encher de significados culturais eses ritmos de tempo anuais mediante unha serie de mecanismos entre os que destaca a festa” (González Reborado 1989: 9).

o ano é ademais un conxunto de períodos, descontinuos e desiguais nos que se desenvolven determinados traballos. A Galicia rural bota as patacas, mata o porco, malla o liño, fai a vendima, apaña as castañas...<sup>1</sup> e en función destas actividades establece unha segmentación cronolóxica propia. Isto é o que explica a presenza de fórmulas referidas á *sega* e á *seitura* ou ó *san Martiño*.

Fronte á importancia do elemento agrícola no refraneiro, a súa representación como denominación do mes é escasa (*vid.* mapas correspondentes): *mes da sega* (para xullo ou agosto), *mes da seitura* (para xullo), *mes da recoleita* ou *a malla* (para setembro) e *mes morto* (para decembro).

### 2.2.2. As festas do ano (ciclo ecolóxico)

Arredor dos labores agropecuarios e dos períodos de produtividade e fartura establecéronse tradicionalmente celebracións de simboloxía gastronómica coas que se festexaba, por exemplo, o remate das colleitas. Pero coa festa celébranse tamén as distintas etapas do ciclo ecolóxico, os solsticios, hoxe asimilados baixo as formas *san Xoán* (do santoral) e *nadal* (da liturxia). A festa é, en definitiva, unha motivación a ter en conta pola súa importancia na secuencialización dos ritmos ecolóxicos do ano: *mes das flores* (para maio), *outono* (para outubro e novembro) e *outoniño* (para novembro)<sup>2</sup>.

### 2.2.3. Efemérides cristiás (ciclo litúrxico)

Xa indicamos que por veces atopamos, baixo formas motivadas por este campo semántico, realidades culturais pagás e non relixiosas. A Igrexa católica deu en assimilar e reciclar manifestacións culturais e lugares de culto anteriores á chegada do cristianismo en Galicia<sup>3</sup>. A espiritualidade popular do medievo permitiu asumir como propias esas formas ata callaren na cultura galega. A forte pegada deixada polo catolicismo na nosa cultura explica, entre outras cousas, a forte presenza do santoral como recurso lingüístico na datación.

En canto á fortuna denominativa de cada un dos santos hai que dicir que a devoción popular é un factor a ter en conta entre outros moitos, pero, sen embargo, non é un motivo de éxito asegurado. Os que máis funcionan como

1 Inda que algunhas destas actividades seguen sendo hoxe elementos vivos na sociedade rural, moitas outras son xa actividades que están en involución.

2 Outras formas rexistradas fóra do *ALGa* dan conta do *mes do Entroido* ou do *mes dos maíos*. Trátase de formas nas que —como acontece noutros moitos exemplos— ten máis peso a función poética cá referencial, pero testemuñan a importancia do elemento ecolóxico no ciclo anual.

3 *De correctione rusticorum* (traducido como *Sermón contra as supersticións rurais*) de Martiño de Dumio dá boa conta das intencións asimiladoras da cultura católica, entre elas, “buscábase sen dúbida a suplantación do antigo calendario latino por un calendario cristián” (Castiñeiras 1995: 26). Hai que ter en conta tamén neste contexto a suplantación do semanario latino polo semanario cristián rexido por feiras.

denominacións de meses testemuñanos ben E. Rodríguez e Carré (Santamarina 2001: s.v. *mes*).

### 3. DOCUMENTACIÓN DIALECTAL DO *ALGA*: DESCRICIÓN DOS MAPAS

Imos facer fincapé, como xa se dixo, naqueles meses nos que a variedade denominativa é maior, isto é, os que van de xuño a decembro<sup>1</sup>.

#### 3.1. O mes de xuño e a celebración do san Xoán

O mes de xuño está bautizado popularmente co nome de san Xoán Bautista, curmán de Xesucristo. A documentación histórica testemuña que san Xoán sufriu martirio e faleceu este día en que se lle recorda (24 xuño). Desde tempo inmemorial a celebración máis importante de xuño fora a do solsticio de verán, que transcende fronteiras culturais. O cristianismo asimilou a data —aunque non a simboloxía— desta celebración pagá presentándolla á sociedade baixo o nome dunha forma cristiá, *san Xoán*:

As sociedades tradicionais europeas esforzáronse en enchelo ciclo anual de concepcións simbólicas vencelladas ben a circunstancias referidas á natureza, ben a elementos do seu sistema ideolóxico, este último moi condicionado polo cristianismo (González Reboredo 1989: 11).

A tradición cristiá marcou esta última data [25 de decembro] co nacemento de Cristo e a segunda [24 de xuño] coa do seu precursor, san Xoán Bautista, es tablecendo así unha íntima relación relixiosa entre as dúas (*ibidem*: 20).

Sendo unha celebración popular fortemente representada na nosa cultura, *san Xoán* rexistrouse de forma máis ou menos uniforme en todo o territorio<sup>2</sup> como denominación do sexto mes do ano (*vid.* Mapa 1), aunque fundamentalmente a través dunha forma interferida (108 formas de *san Juan*, 47 de *san Xoán*, 3 de *san Xan*, 2 de *mes de san Juan* e 1 de *mes de san Xoán*). Inda que a solución pagá (*xuño*) tamén ten unha forte presenza, a forma do santoral é a que presenta maior pegada na fala: en 53 ocasións foi resposta única dos informantes; é pois a máis coñecida e frecuente na fala (as ocorrencias foron 97 formas de *junio*, 12 de *xunio*, 4 de *xuio*, 1 de *xuño*).

1 As ocorrencias rexistradas para a primeira serie de meses non pasa de tres solucións diferentes da forma estándar: *mes de san Mauro* (1) para xaneiro, *san Blas* (3) para febreiro, *san José* (1) para marzo, *Pascua* (1) para abril, *mes da Ascensión* (1) e *mes das flores* (1) para maio. É coñecido o uso doutras moitas formas (*mes da Candeloria* para febreiro, *mes de san Marcos* para abril, *mes dos maíos* para maio, etc.) que non foron rexistradas polo *ALGA* pero que teñen documentación escrita.

2 Agás no galego exterior, onde a súa presenza é menor.

*San Xoán* é a forma do santoral de presenza máis forte no calendario<sup>1</sup>. A súa importancia reflíctese tamén na antroponimia galega e no refraneiro; ademais é un referente constante (fronte a *xuño*) na fraseoloxía deste mes<sup>2</sup>. A lexicalización desta forma pódese ver tamén no adxectivo *sansxoaneiro*, que se aplica a algúns froitos propios do mes de san Xoán.




Mapa 1. Mes de xuño

- 1 *San Xoán* é o caso que mellor reflicte a tendencia popular de denominación do mes. Na *Base de datos lexicográfica* do ILG hai abondosos exemplos deste uso: “polo mes de *sansxoán*” a carón de “o trece de *sansxoán*”, “de xaneiro a *sansxoán*”, “un mencer de *sansxoán*”. Repárese na lexicalización da estrutura.
- 2 “En san Xoán as nove con día dan”, “a auga de san Xoán quita o viño e non dá pan”, “en san Xoán a sardiña molla o pan”, “en san Xoán tanto queixo coma pan”, “en san Xoán carda a ovella a lán”, “o día de san Xoán sécalle a primeira raíz ó pan, o día de Santiago a do cabo, e pola santa Mariña bótalle a fouciña” (fonte: *ALGa*).

No que se refire ó nivel de castelanización, vese unha interferencia forte que non se concentra territorialmente. Hai sen embargo unha serie de puntos nos que se rexistra na súa forma patrimonial a denominación cristiá e na súa forma interferida a denominación pagá. Este feito permite intuí-la reintroducción desta última a través do castelán.

### 3.2. O mes de xullo, Santiago, santa Mariña ou a sega

Se no caso anterior falabamos dunha celebración ecolóxica e universal, no que toca a xullo acontece que as denominacións recollidas popularmente non se explican sen facer referencia á cultura do país, especialmente á súa vertente relixiosa. Se temos en conta a distribución complementaria que presentan as formas Santiago e santa Mariña, as formas cristiás son as que maior presenza rexistran tamén na denominación do sétimo mes do ano. A forza destas dúas festividades despraza a presenza da forma pagá en moitos puntos: Santiago rexístrase de maneira exclusiva en 43 puntos e santa Mariña en 7.



Mapa 2. Mes de xullo

O 25 de xullo celébrase en toda Galicia o día de Santiago Apóstolo<sup>1</sup>. Sen embargo, a distribución das formas relixiosas permítenos ver que o culto xacobeo ten a súa influencia na parte máis occidental do territorio galegofalante para introducirse logo cara ó interior. O peso da forma Santiago explícase pola importancia cultural e litúrxica da figura deste apóstolo e do fenómeno do Ano Santo, e non pola vivencia que da súa devoción hai a nivel popular, que é ben pouca: a Santiago non se rende culto en Galicia a nivel popular coma no caso doutros santos<sup>2</sup>. Se temos en conta que o fenómeno culto da peregrinaxe a Compostela se difundiu entre a poboación coa rebaudización<sup>3</sup> das advocacións parroquiais poderemos explica-la aparente contradición que xorde ó compara-lo feito de que Santiago sexa o terceiro santo con representación parroquial (é a advocación de 277 parroquias) coa súa escasa incidencia a nivel antroponímico (sitúase no 22º lugar no índice de frecuencias de nomes de home segundo Ferro Ruibal (1992: 42).

Fronte ó carácter culto e á distribución territorial occidental de *Santiago*, *santa Mariña* é un referente de devoción popular asentado na parte oriental de Ourense. O seu culto lévanos a Santa Mariña de Augas Santas, en Allariz, onde a historia desta muller galega deixou a súa pegada (Fraguas 1989<sup>2</sup>: 241-244). A localización deste culto sitúanos tamén na antiga área galega da diocese de Astorga, co que se localiza a presenza de *santa Mariña* lonxe da zona de influencia da diocese de Compostela.

Por outra banda, obsérvanse dúas áreas dialectais nas que a motivación da denominación vén do ciclo agrícola: *a sega* nunha zona pouco compacta do centro e norte de Lugo e *a seitura* na Limia Baixa. Estas dúas solucións léxicas danse onde efectivamente os labores do trigo eran importantes.

No que se refire á castellanización, reflíctese un alto nivel de interferencia da forma pagá: rexistrouse *julio* en 92 respostas.

### 3.3. O mes de agosto ou da Nosa Señora

O mes de agosto, xunto co de xullo, non formaba parte do calendario romano, foi introducido polo emperador César Augusto en honor ó seu nome (o de xullo en honor a Xulio César).

1 O 25 de xullo celébrase tamén o Día da Patria Galega, que, anque non é unha celebración tradicional, reafirma a importancia simbólica do seu día.

2 “[...] o feito compostelán non tivo practicamente repercusión relixiosa en Galicia, e moi escaso foi o beneficio cultural. [...] dende o punto de vista relixioso, o Ano Santo nunca significou moito en Galicia, en contraste con outros santuarios, coma o de Santo André de Teixido e moitos máis” (Chao Rego 1999: 164).

3 Parece ser que a advocación de Santiago foi un fenómeno progresivo desde o medievo. A imposición da advocación de Santiago serviu de mecanismo de difusión popular do seu culto.

O que máis chama a atención deste mes é que, de tódolos que forman o verán, é no que menos presenza teñen as denominacións de carácter popular. Como se pode observar, domina por todo o territorio a forma xuliana, que é a atestada en tódolos puntos do Mapa 3. Só en nove puntos illados convive coas formas: *Nosa Señora* (e variantes), *santa Mariña*, *santa María* e *a sega*. Isto pode ser debido a que:

a) A única festividade relixiosa relevante neste mes é a dedicada á Nosa Señora (o día 15). Malia a importancia que se lle dá á tal celebración, *Nosa Señora* (ou variantes) é a resposta recollida en só 4 puntos. A súa escasa presenza débese a que se trata dunha denominación moi pouco precisa, xa que pode remitir a varias advocacións (máis información en Ferro Ruibal 1992: 356). Por outra banda, a Virxe, na pirámide do santoral, ocupa o lugar inmediatamente inferior a Cristo, é dicir, que está por riba de tódolos santos. Sen embargo, en Galicia, tivo un gran competidor no Apóstolo Santiago. O culto destes dous santos compite sobre todo a partir de que Afonso X tentou atrae-la peregrinación cara á corte de Toledo e afastala de Compostela (isto foi o que o levou a face-las *Cantigas de Santa María*). A devoción que desde as esferas eclesiásticas, e polo tanto desde un ámbito culto, se lle dispensou ó Apóstolo a partir do século IX seguramente eclipsou ós ollos das nosas xentes a figura de María que, a pesar de todo, serve de advocación a 791 parroquias, sendo entre os santos quen máis parroquias ten<sup>1</sup>.


Outros santos que celebran o seu día en agosto non chegaron a denomina-lo mes: *san Bernaldo*, *san Bertolameo*, *santa Clara*, *san Lourenzo*... Con todo, aparecen minoritariamente as denominacións *santa María* e *santa Mariña*. Esta última pode estar motivada polo feito de que popularmente se identifica coa santa María, pois Mariña aseméllase moito ó diminutivo de María (Mariña), aínda que non é esta a etimoloxía que se adoita propoñer para explica-lo nome (Ferro Ruibal 1992: 355 e 365).

b) Tampouco a Virxe se relaciona con ningunha faena agrícola en particular. De feito hai moi poucos refráns en que a Virxe de agosto se vincule ó mundo do campo: “de Nosa Señora de agosto a Nosa Señora de setembro, ou se perde a anada ou se gana”, “Nosa Señora coa súa fartura toda”, “santa María chega, volve galego para a túa terra”, “pola santa María de agosto, o sol posto”, “pola santa María de agosto a xovenca repasta un pouco”...

c) O mes por excelencia dedicado á Virxe é o de maio, en que ten lugar a celebración da Visitación da Virxe (o día 31). Aínda que non se atestou a sinapsia *mes da Virxe* nas respostas do *ALGa*, no diccionario de A. Estravís

<sup>1</sup> Proba da importancia que se lle dá a María a nivel popular é o feito de que como nome de pía ocupa o primeiro lugar no índice de frecuencia na nosa comunidade (Ferro Ruibal 1992: 43).

recóllese *mes de María* para referirse a maio. Tamén na literatura se documentou *mes da Virxe*<sup>1</sup>.



Mapa 3. Mes de agosto

d) *Agosto* é o suficientemente significativo para designa-lo oitavo mes, pois é unha forma que está na base doutras voces relacionadas con feitos característicos dese tempo referidos á vida agrícola, por exemplo *agostar*: (α) murcha-las plantas pola moita calor, (β) seca-las fontes pola calor, (γ) labra-la terra despois da seitura (a seitura facíase a finais de xuño e durante o mes de xullo).


e) O peso da castelanización, xa que *agosto* coincide coa denominación castelá.

1 Esta información foi tirada da *Base de datos lexicográfica* do ILG.

Sorprendente resulta a resposta obtida en Cerceda (C.23), *a sega*, pois este labor véñse realizando comunmente en xullo. Cabe a posibilidade de que a sega sexa a do trigo serodio que madura máis tarde có normal. De feito, se nos fixamos no Mapa 4, neste mesmo punto rexístrase a denominación de *a malla*, que sería o paso seguinte ó da sega. Aínda sendo así, segue a resultar estraño que nunha zona de millo teña importancia a sega do trigo e do centeo.

#### 3.4. O mes de setembro, san Miguel, a malla ou a colleita

No Mapa 4 salta á vista que as formas máis estendidas son as xulianas. De xeito minoritario aparecen as denominacións populares: *san Miguel*, *a malla* e *a colleita* (as dúas últimas baseadas en labores agrícolas).



Mapa 4. Mes de setembro

A festividade de san Miguel ten lugar o 29 de setembro, o que xustifica esta denominación. É un santo que popularmente se vincula á faena da vendima, que se realiza durante o mes de setembro; así temos refráns do

tipo: “polo san Miguel uvas e mel”, “¡aí vén san Miguel co seu tonel!”, “polo san Miguel uvas e mel”, “san Migueliño das uvas maduras, moito nos tardas e pouco nos duras”. Curiosamente a denominación *san Miguel* concéntrase en zona de produción vinícola. A lexicalización desta forma pode verse no adxectivo e substantivo *migueliño/-a* referido a un tipo de figos, ameixas e sardiñas que se dan en setembro, polo san Miguel (“setembro trae as castañas e as sardiñas migueliñas”)<sup>1</sup>. Tamén no refraneiro constatamos a existencia do adxectivo feminino *sanmiguela* para referirse ás sardiñas desta época: “a sardiña sanmiguela jeis, a ela”.

Chaman a atención as respostas *a malla e mes da colleita* (ámbalas dúas conviven co castelanismo *setiembre*). A primeira obtívose en Cerceda (C.23), no mesmo lugar en que para agosto se rexistrou *a sega*. A colleita probablemente sexa a do millo pois as patacas, nesta zona, véñense apanando no mes anterior.

De entre as formas xulianas, a que se impón por todo o territorio é o castelanismo, que está a acurruncha-las voces patrimoniais *setembro* e *setembre* polas beiras. Neste caso o castelanismo foille moi fácil instalarse pois non tiña case competidores noutras formas léxicas diferentes. En ocasións, cando conviven nun mesmo punto varias respostas, existe consciencia nos falantes de que a forma castelanizada é propia da xente nova, por exemplo en Agolada (P.2). Noutros puntos, o refraneiro conserva a forma galega *setembre* fronte á fala viva en que domina o castelanismo, é o caso de Ramirás (O.15) onde se recolleu o seguinte refrán: “En setembro i outubro as uvas, patacas, fabas e millo reculle”. Neste mapa ocorre o mesmo que imos mostrar para os meses seguintes: a forma máis próxima ó étimo latino-clásico<sup>2</sup>, é dicir, setembro, é a que está máis estendida, pois recolléronse 30 *setembre* fronte a 13 *setembro*. Na lingua literaria comezou a coller pulo *setembro* a partir da década dos oitenta, xa que antes desta data o máis empregado era *setembre*. Estes datos son moi significativos, xa que poñen de manifesto que no eido da literatura a escolla estándar é moderna, socializada co proceso de normatización que foi desprazando pouco a pouco *setembre*.

### 3.5. O mes de outubro, san Lucas ou outono

A forma castelanizada *octubre* aparece moi estendida, sobre todo pola zona máis oriental e occidental do territorio. Con todo, en moitos casos, convive no mesmo punto con algunha das denominacións tradicionais; así

1 Ferro Ruibal (1992: 382) recolle refráns como: “polo san Miguel figos de mel”, “polo san Miguel figos a vender”.

2 A forma *setembro*, igual que *outubro*, *novembro* e *decembro*, presenta *-o* por hipercaracterización xenérica.

convive maioritariamente coa outra resposta máis recollida despois do castelanismo: *outono* e variantes (*mes del outono*, *autono*, *outoño*), formas únicas en 46 puntos.

A voz *outono* pode responder a varias motivacións. Non se pode explicar polo feito de que esta estación do ano comece neste mes (empeza o 21 de setembro). Probablemente, estea motivada por: (a) homofonía entre *outubro* e *outono* e (b) porque os efectos da estación se comezan a sentir dun xeito máis acentuado neste mes e non no anterior<sup>1</sup>.


Son respostas minoritarias e rechamantes *san Miguel* (4 veces), que se festexa o 29 de setembro, e *santos* (5 veces), o 1 de novembro. Son festividades moi próximas ó mes de outubro, de aí que poidan chegar a denominalo.

Máis fácil de explicar é a resposta *san Lucas*, xa que, por un lado, a festividade deste santo é o 18 deste mes, por outro lado, esta resposta concéntrase nunha pequena zona ó norte de Lugo: en Viveiro (L.1), no Valadouro (L.5) e en Mondoñedo (L.9). Concretamente en Mondoñedo se festexa este santo, que é o patrón do concello, sendo moi concorrida a súa feira cabalar anual que coincide co día da festa. San Lucas é un santo que non pertenceu ó colexio apostólico (foi cristianizado por san Paulo), sen embargo, en Galicia, recibe un gran culto popular.

As únicas formas xulianas que se atestan son o castelanismo e a solución patrimonial *outubre*. A forma estándar *outubro* non aparece. Tampouco no refraneiro se constata. Nas fontes literarias máis antigas consultadas atopamos maioritariamente a forma *outono* e minoritariamente *outubre* (só dúas ocorrencias). *Outubro* aparece nas obras máis modernas e a partir dos anos oitenta. Igual que sucedía con *setembro*, *outubro*, na lingua literaria, foi desprazando a outra solución de carácter máis popular e de maior tradición, que era *outono*.

O dato máis interesante que nos ofrece o Mapa 5 é que a solución *outono* constitúe unha área compacta no centro do territorio fronte ás zonas máis exteriores en que dominan as formas xulianas. É dicir, que fixo recua-la solución *outubre*, que probablemente estaba moito máis estendida en épocas pasadas. Precisamente nas zonas en que se atesta *outubre* é onde se concentra de xeito máis palpable o castelanismo *octubre*, única resposta en moitos puntos. Isto mostra que foi nos lugares en que se empregaba unicamente a forma xuliana onde o castelán se instalou con maior facilidade posto que a semellanza fónica o favorecía.

1 De chover en setembro, en outubro os campos rebentan e dan *outono* ou *outonizo* (herba que se sega verde para o gando). Tamén é neste mes cando as follas das árbores se poñen marelas e comezan a caer (isto asóciase co outono).



Mapa 5. Mes de outubro

### 3.6. O mes de novembro, san Martiño, santo André, Santos, outonín ou outoniño

Constátase un forte grao de castelanización da forma xuliana, xa que só se recolleron 5 *novembro* e 5 *novembre* fronte a 103 *noviembre* (vid. Mapa 6). Con todo, hai 50 puntos en que os informantes non mencionan o castelanismo, 28 en que *noviembre* é resposta única, 2 en que convive con outras formas castelanizadas e 73 en que convive con solucións patrimoniais galegas. Ante estes datos, cómpre salienta-lo feito de que as formas patrimoniais contan cunha grande vitalidade malia teren un gran competidor no castelanismo *noviembre*. A presenza deste último é máis acusada nos extremos do territorio ca no interior.

Quitando *noviembre*, dominan as formas baseadas no santoral: *Santos*, *san Martiño* (*san Martín*), *Difuntos* e *san Andrés*. *Santos* e *san Martiño* son case excluíntes, só en 8 puntos conviven as dúas respostas. Hai maior concentración de *Santos* en Ourense, norte e sur de Lugo e da Coruña, centro e sur de


Pontevedra e na zona leonesa. *San Martiño* concéntrase na provincia da Coruña, no norte de Pontevedra e no centro de Lugo.

A grande presenza de *san Martiño* é debida á dobre influencia que no noso territorio exerceron san Martiño de Tours e san Martiño de Dumio/Braga (máis información en Ferro Ruibal 1992: 369 e ss.). O culto que se lle dispensou ó primeiro é o máis antigo, sen embargo a devoción popular confundíunos frecuentemente, sobre todo na zona sur de Galicia, debido á súa maior proximidade a Portugal. Hoxe en día, o san Martiño de Tours é titular de 235 parroquias e é o que se celebra o 11 de novembro. A devoción cara a san Martiño de Dumio (celebrase o 20 de marzo) comezou a decaer a partir da invasión musulmana, que deixou destruída a cidade de Dumio de xeito que perdeu a súa influencia eclesiástica. Por outro lado, e xa bastantes séculos máis tarde (século XII, cando Portugal se independiza en 1138), tiveron lugar enfrontamentos entre a sé compostelá e a diocese de Braga, por iso desde finais do século XIV as dioceses de Galicia, que dependían de Braga, deixaron de prestarlle obediencia ó arcebispo portugués e Santiago de Compostela se erixiu como cabeza das dioceses galegas. O esmorecemento do culto a san Martiño de Dumio está apoiado polo feito de que algúns lugares de Galicia, que nun principio festexaban este santo, pasasen a festexalo san Martiño de novembro.

Tamén a denominación relixiosa *Santos* callou fortemente (contrasta cos poucos *Difuntos*). Parte do éxito desta forma, xunto coa de *san Martiño*, é debido a que a tradición relixiosa se mesturou cun rito antigo en Galicia: o dos magostos, que se adoitan face-lo día de Tódolos Santos ou o de san Martiño. Este rito, coma todos aqueles en que aparece o lume (por exemplo no san Xoán), ten unha forte simboloxía e conecta directamente coas crezas relixiosas, xa que o lume das fogueiras non se pode apagar voluntariamente, senón que hai que deixar que se consuma porque a el se irán quenta-las almas defuntas.

Outro santo significativo para as nosas xentes neste mes é o santo André, que constitúe unha denominación minoritaria. A festa deste santo ten lugar o día 10 (André Avelino) e o día 30 (André Apóstolo) de novembro. Chama a atención que non sexa a resposta obtida na zona de Santo André de Teixido. Isto pon de manifesto que non sempre hai relación entre a motivación da maneira de chamarlles ós meses e a advocación das parroquias ou a romaxe que se fai para conmemorar un determinado santo. Esta resposta no concello da Estrada pode explicarse pola devoción que esa zona lle profesa ó santo, xa que hai tres parroquias pertencentes ó concello e

próximas á de Baloira (P.3) que o teñen como advocación: Santo André da Somoza, Santo André de Souto e Santo André de Veal<sup>1</sup>.




Mapa 6. Mes de novembro

Aparece unha pequena área no interior de Lugo de *outonín* e *outoniño*. Estas respostas son diminutivos formados a partir de *outono* que designa o mes de outubro. O matiz diminutivo indica que os falantes son conscientes de que neste mes xa se deixan sentir máis os efectos do inverno cós do outono propiamente dito, é dicir, que en novembro o clima se achega máis ó da estación invernal.

<sup>1</sup> Cónstanos que en Santo André de Souto e en Santo André de Veal se fai festa o día 30. En Santo André da Somoza, actualmente festexan a Virxe da O, aínda que antigamente celebraban o santo André.

## 3.7. O mes de decembro, nadal ou natal



Mapa 7. Mes de decembro

Neste caso, as formas xulianas e as populares compiten en todo o territorio. Das primeiras, as formas galegas *decembre* e *decembro* case non se atestan (só 6 e 1 ocorrencias, respectivamente) fronte a *diciembre* (recollida en 98 ocasións). O castelanismo aparece concentrado nas beiras do territorio. Nalgúns puntos situados en zonas de *nadal* e *natal*, pódese constatar como os castelanismos *diciembre* e *navidá* ou *navidades*, que conviven, desprazaron totalmente a solución patrimonial galega propia da zona. Hai que dicir que *diciembre* só se recolleu como resposta única en 29 ocasións, no resto dos casos convive coas denominacións populares baseadas na liturxia e nos labores agrícolas. Son estas dúas últimas as que forman áreas máis compactas, xa que aparecen zonas excluíntes de *natal* (Ourense, metade sur de Pontevedra), *nadal* (A Coruña, occidente de Lugo e norte de Pontevedra) e *mes morto* (6

puntos no interior da provincia luguesa e un punto na zona asturiana). Aínda que o día propio do Nadal é o 25 de decembro, esta celebración pasou a denominar todo o mes, aínda que modernamente designa en maior medida o período de vacacións escolares que xira ó redor destas datas, é dicir, aproximadamente do 24 de decembro ó día 6 de xaneiro. A resposta *mes morto* remite á pouca actividade realizada neste mes desde o punto de vista dos labores agrícolas.

Moi estendidas están as formas *navidá*, *navidai* ou *navidades*, que mesmo se recolleron como respostas únicas en 17 puntos, o que apoia a tese de que moitos castelanismos se introduciron por vía relixiosa.

A resposta *san Andrés* en Quiroga (L.37), en Castrelo do Val (O.22) e Corullón (L.e.3) é debida a que unha das festividades deste santo ten lugar xa case no mes de decembro (o 30 de novembro). Isto pon de manifesto, unha vez máis, que para a Galicia tradicional o tempo era unha magnitude dividida en ciclos máis ou menos amplos, que non coincidían coa división xuliana do ano e que xiraban en torno a festividades do santoral, a tarefas do campo ou a festas pagás.

#### 4. TRATAMENTO LEXICOGRÁFICO

Para constatarlo tratamento lexicográfico que recibiron as denominacións mensuais, fixemos unha revisión dos dicionarios galegos máis empregados. Os dicionarios consultados abranguen un período temporal amplo, xa que non empregamos unicamente fontes actuais senón clásicos como os dicionarios de Cuveiro (1876), Valladares (1884), Carré (1974) e E. Rodríguez (1958-61) (Santamarina 2001). Ademais consultámo-los dicionarios de Alonso (1986), Ares (1986), Feixó (1986), Monteagudo (1988), Xove (1995) e Arias (1999), o *DRAG*, o *GDXL* (2000), os dicionarios de sinónimos *DSL* e *DXS*, e o *VOLGa*.

Nos dicionarios máis antigos xa aparecen recollidas algunhas das denominacións mensuais non xulianas para xuño, xullo, agosto, outubro, novembro e decembro. Son Carré e E. Rodríguez os que máis información nos ofrecen.

Carré (s.v. *mes*) indica cáles son as formas empregadas en galego para nomea-los meses:

Los nombres de los meses en gallego son: Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Mayo, Xuño, Xulio, Agosto, Setembro, Outono, Novembro y Decembro o Na-

1 Nótese como o autor inclúe a forma popular *outono* para o mes de outubro a carón das demais denominacións xulianas. Isto pon de manifesto a gran vitalidade con que contaba na fala.

dal. Es muy corriente decir San Xoán, Santiago, Nosa Señora y Santos o San Martiño dando estos nombres a los meses en que se celebran estos santos.

Ademais, nas entradas correspondentes a *xuño*, *agosto* e *novembro* indica que outras denominacións para estes meses son *mes de san Xoán*, *mes de Nosa Señora* e *mes de Santos* ou *Sanmartiño*, respectivamente. Na entrada *outubro* e *decembro* remite directamente ás formas populares *outono* e *nadal*, poñendo así de manifesto unha escolla léxica pola súa parte, xa que o mesmo puido facer para xuño, agosto e novembro e sen embargo non remitiu á sinapsia.

Tamén E. Rodríguez (s.v. *mes*) recolle algunhas das denominacións populares para os meses:

Cada una de las doce partes en que se divide el año, que en gallego se denominan XANEIRO, FEBREIRO, MARZO (algunos dicen también MARZAL), ABRIL, MAIO, SAN XOAN, SANT-IAGO, AGOSTO, SETEMBRE, OUTOBRE (que también se dice OUTONO por muchos), NOVENBRE O SANTOS Y DECEMBRE O NADAL.

Como se pode observar na ladaíña anterior, as formas *san Xoán* e *Santiago* desprazaron totalmente as solucións xulianas e *santos* e *nadal* aparecen ó mesmo nivel que *novembro* e *decembro*. Isto reflicte moi ben cáles eran as formas maioritarias empregadas popularmente para nomear os meses.

E. Rodríguez dá algunha información máis nas entradas dedicadas a cada mes. Así na entrada de xullo indica que “en Galicia recibe generalmente el nombre de mes de Santiago, aunque en la comarca de Lugo suele llamarse mes de Segá” (*vid.* Mapa 2). Na entrada de novembro indica que este mes tamén recibe o nome de *san Martiño*, tanto na lingua oral como na escrita: “Noviembre, undécimo mes del año, que en el gallego hablado y en el escrito se dice comúnmente Mes de Santos o San Martiño”.

Resulta rechamante que na entrada *nadal* non dea información sobre o emprego desa voz para denominar o último mes do ano: “Navidad, natividad de Nuestro Señor Jesucristo. Navidad, día en que se celebra, que es el 25 de Diciembre”. É baixo *natal* onde aparece: “Mes de diciembre”. Esta incongruencia, que probablemente se debe a un descoido, pon de manifesto que *natal* era outra das posibles formas empregadas no noso territorio para referirse ó duodécimo mes.

Como se pode observar, os dicionarios clásicos só nos ofrecen información sobre as denominacións populares naqueles meses en que esta tendencia denominativa se manifesta de xeito máis acusado, é dicir, nos que van de xuño a decembro.

1 Na entrada *decembro* di: “Diciembre, último mes del año, que tiene 31 días. En Galicia también se llama mes de Nadal, o simplemente O Nadal”.

Polo que respecta ós dicionarios actuais, cómpre salientar que ofrecen máis información que a proporcionada nos dicionarios clásicos, xa que non se limitan a indica-las denominacións populares maioritarias dos sete últimos meses, senón que tamén fan referencia a outras formas minoritarias: *febreiro* é no *DRAG*, no *GDXL* e no *DXS* o *mes da Candeloria* (festéxase o día 2 de febreiro), e no *DXS* tamén se recolle a denominación *san Brais* (3 de febreiro) para este mes; *xullo*, ademais de se-lo mes de Santiago, tamén é o *mes da sega* en Ares (1986) ou no *GDXL* e *mes da seitura* no *DSL*; *agosto*, ademais de se-lo mes de *Nosa Señora*, é o *mes de María* en Alonso (1986), o *mes da sega* e o *mes de santa María* en Ares (1986) e en Arias (1999), e no *DSL* recóllese tamén *santa Mariña* para nomealo; *setembro* é o *mes de san Miguel* en Arias (1999), Monteagudo (1988) e no *DSL*; *outubro* figura nos dicionarios de Ares (1986), Alonso (1986), *DRAG*, Arias (1999), no *DXS* e no *DSL* indícase que outra denominación para este mes é *outono*, e no Monteagudo (1988) e no *GDXL* é o *mes do Rosario* (7 de outubro) e en Xove (1995) o *mes de san Lucas*; *novembro*, ademais de se-lo *mes de Santos* ou *san Martiño*, tamén é o *mes das ánimas* en Monteagudo (1988), Xove (1995) e *GDXL*, o *mes das almas* en Xove (1995) e no *GDXL* e o *mes de san Andrés* en Monteagudo (1988), mentres que no *DXS* se propón como sinónimo a voz *castaña* (que remite á recollida das castañas, xa que en novembro se realiza este labor); *decembro* non só é o *mes do Nadal* ou simplemente *nadal*, senón tamén o *mes de santa Baia* (10 de decembro) en Monteagudo (1988).

De maneira xeral, os dicionarios modernos especifican que as denominacións mensuais non xulianas son de carácter popular. Na entrada *mes* do *GDXL* dise:

Ademais da súa denominación de carácter xeral, algúns meses contan tamén cunha denominación *popular*, máis ou menos estendida, baseada nos labores agrícolas principais, nos costumes relixiosos ou en certas festas significativas.

No dicionario de Ares (1986) queda claro o diferente nivel de lingua ó que pertencen formas xulianas e denominacións populares:

Ademais da súa denominación de carácter *administrativo*, algúns meses contan tamén cunha denominación popular”, “Popularmente, tamén se denomina “mes de San Xoán” (...) pero esta denominación *non* ten carácter *oficial* [cursivas nosas].

Unha vez estudiado o tratamento que os dicionarios dispensan ás distintas denominacións dos meses, chegamos á conclusión de que as formas que se están a potenciar desde a lexicografía son as xulianas. De xeito xeral, as formas baseadas no santoral ou en efemérides de diferente tipo son obviadas ou relegadas a un segundo plano (de aí que aparezan na parte consignada a observacións na maioría dos dicionarios).

Non tódolos meses reciben o mesmo tratamento, posto que só recibimos maior información de xuño, xullo, novembro e decembro. Para os restantes meses cada un dos dicionarios ofrece máis ou menos formas denominativas sen seguir unha práctica homoxénea. Isto é debido a: (a) non seren estas denominacións as escollidas polo estándar; (b) o seu difícil tratamento, xa que moitas formas son palabras compostas; (c) que para moitos meses as denominacións populares son minoritarias. Son os casos de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e setembro.

Neste sentido é fundamental o traballo que se está a realizar no proxecto *ALGa* pois contribúe a dar a coñece-la riqueza léxica que caracteriza o galego.

## 5. CONCLUSIÓNS

1. Tódalas formas presentadas son igual de galegas, as xulianas son máis antigas e están connotadas como máis formais; as outras son máis populares e rexístranse en numerosas ocasións como respostas únicas (mesmo máis cás xulianas), isto é, teñen máis tradición na fala.

2. Polo que temos constancia e segundo se tira da documentación textual do medievo, a identificación dos días do mes a través do santoral é anterior á dos meses. Logo de facer unha cala en documentos medievais das catro provincias galegas non observamos que os notarios do momento fixesen uso do sistema de datación mensual baseado na liturxia; só o fan para a indicación do día: *día de Todos os Santos* (Maia 1986: 48), *véspera de Sant'André* (Maia 1986: 196), *per día de San Viçenço* (Lucas 1996: 317). Isto pode ser debido ó peso da datación herdada dos romanos en que funcionaban as formas xulianas. É sabido que parte da redacción nos documentos medievais constitúe unha mera repetición de expresións formulísticas que xa se empregaban nos textos escritos en latín e que se seguiron incluíndo nos documentos en romance (encabezamentos e remates, lugares en que se colocaba a data). Polo tanto, a maneira de nomea-lo mes mediante o santoral é posterior á de nomea-los días pola súa efeméride. Isto é, as denominacións populares créanse por ampliación do significado das efemérides e doutras celebracións (laborais e festivas) de importancia.

3. Fronte á denominación do calendario xuliano, as outras opcións delatan os mecanismos polos que se rexía a vida tradicional<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Rexida polos labores do campo, pola práctica relixiosa, polos festexos pagáns e pola estacionalidade destes.

4. Os dicionarios actuais promoven fundamentalmente as formas xulianas, xa que as demais posibilidades denominativas están connotadas como populares.

5. Na lingua literaria, as formas baseadas no santoral (non tanto as baseadas na vida agrícola) teñen bastante peso, posto que a súa porcentaxe de aparición é parella á das xulianas. Isto pode ser debido ó afán diferencialista que practicaron e aínda practican certos autores. De entre as formas xulianas, as solucións estándares actuais comezan a coller pulo canda o proceso de normativización.

6. As formas castelanizadas están máis estendidas naquelas zonas que non posuían lexemas diferentes ós casteláns que puidesen competir co seu proceso asimilador. Constátase como as formas xulianas patrimoniais galegas están sendo desprazadas polas correspondentes castelás, que cobran pulo fundamentalmente no centro do territorio.

7. Xa sabemos que os datos cos que contribúe o *ALGa* están un pouco lonxe dos que, se cadra, recolleríamos hoxe entre falantes máis novos e máis urbanos<sup>1</sup>. Estes datos reflicten, polo tanto, unha realidade dialectal antiga que debemos ter en conta. Por isto debemos recoñecer estas formas como válidas, malia non seren empregadas na lingua culta.

8. En canto ás escollas do estándar, non se botou man das formas populares que se rexistraran para os meses do ano, senón que se preferiu o sistema xuliano por ser máis homoxéneo. Coñecendo os datos do *ALGa*, e ante o peso dialectal dalgunhas destas denominacións (san Xoán, Santiago), non nos queda máis ca supoñer unha intención culta e desambiguadora na escolla do actual paradigma, xa que as formas xulianas son máis concretas á hora de acouta-lo tempo (tódolos meses xulianos constan dun número fixo de días). As denominacións populares constitúen ciclos máis ou menos variables sen comezo nin remate fixo. Isto pode explicar que para certos meses se recollesen respostas baseadas no santoral que non cadran coas celebracións propias.

9. Concluindo, recoñecemos outro sistema de cómputo mensual ademais do xuliano. É un sistema patrimonial que se adoita cualificar como popular en canto ó nivel de lingua<sup>2</sup>, que non aparece empregado na época medieval<sup>3</sup> e

1 Hai abondosas notas sociolingüísticas nos cuestionarios do *ALGa* que indican maior frecuencia e modernidade das formas xulianas, sobre todo das súas variantes interferidas (“é a forma dos máis novos”).

2 Moitas das fontes en que se atestan son populares, xa que é un sistema que ten unha forte presenza en fontes de tradición oral como o refraneiro, as cantigas, as adiviñas...

3 Isto non implica necesariamente que nesta época as denominacións non xulianas dos meses fosen as populares, se cadra daquela inda non existían.

que tematicamente está relacionado coa cultura tradicional labrega (a sega, a vendima, a matanza, o magosto) e coa práctica relixiosa.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- AleíCan* = M. Alvar (1975-78): *Atlas lingüístico y etnográfico de las Islas Canarias*. [Las Palmas de Gran Canaria]: Ediciones del Cabildo Insular de Gran Canaria.
- ALGa IV* = Instituto da Lingua Galega [2002]: *Atlas lingüístico galego*. Volume IV: *Léxico. O tempo atmosférico e o tempo cronolóxico*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza (no prelo).
- Alonso Estravís, I. (dir.) (1986): *Dicionário da lingua galega*. Madrid: Alhena.
- Ares Vázquez, M<sup>a</sup> C. et al. (1990): *Diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- Arias, V. et alii (1999): *Diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo: Cumio.
- Castiñeiras, M. A. (1995): *Os traballos e os días na Galicia medieval*. Santiago de Compostela: USC.
- Chao Rego, X. (1999): “Trampas e virtualidade do Xacobeo”, en *A Trabe de Ouro* 38, p. 163-179.
- DRAG* = C. García e M. González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- DSLGA* = G. Constenla Regueiro et alii (1997): *Diccionario da sinónimos da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- DXS* = L. Castro Macía (1995): *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios*. Vigo: Xerais.
- Feixó Cid, X. G. (coord.) (1986): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.
- Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Fraguas Fraguas, A. (1989): *Romarias e Santuarios*. Vigo: Galaxia.
- García Larragueta, S. A. (1976): *Cronología (Edad Media)*. Pamplona: Universidad de Navarra.
- García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de boxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.
- GDXL* = X. M<sup>a</sup> Carballeira Anllo (coord.) (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.
- González Reboredo, X. M. (1989): *A festa de san Xoán*. Vigo: Ir Indo.
- Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega [1989]: *Vocabulario ortográfico da Lingua Galega. Versión provisional (VOLGA)* (inédito).
- Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega (1990): *Diccionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: ILG / RAG.
- Lucas Álvarez, M. e P. P. Lucas Domínguez (1996): *El priorato beneditino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media*. Sada: O Castro.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referència à situação do galego moderno)*. Coimbra: INIC.
- Monteagudo, H. e X. García Cancela (coords.) (1988): *Diccionario normativo galego-castelán*. Vigo: Galaxia.

- Navaza Blanco, G. (coord.) (1990): *Diccionario Xerais castelán-galego. De usos, frases e sinónimos*. Vigo: Xerais.
- Santamarina, A. (dir.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Xove Ferreiro, X. (dir.) (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro.